

TARXETA DE PRESENTACIÓN

J. Estévez L.

FÓRA DA LEI

¿QUEN FUN...?

¿QUÉN SON...?

¿QUEN SEREI...?



BREVE CRÓNICA EN VERSO LIBRE
DUNHA IDENTIDADE Á DERIVA

Acrobacias marca da casa
para fuxir da asfixia

RECOLECCIÓN DE HISTORIAS
DUN PASADO EXCITANTE
PARA UN PRESENTE ALGO CONFUSO

j. estévez l.

*"Nadie busca su destino
Más bien se inventan coartadas
Para dejar sepultadas
Las penurias del camino"*
Raúl Rivero

Para Amalia, apodíctico

I

¿QUEN FUN?

- 1.- *Moncho Reboiras, tributo de afecto*
- 2.- *Aqueles días que quedaron atrás*

MONCHO REBOIRAS

nacionalista
asasinado
pola
policía
franquista

Imo (Dodro) 1950 - agosto 1975 O Ferrol

“Na madrugada do día 12 de agosto do 1975, no Ferrol, morría asasinado polas balas imperialistas, o compañeiro XOSÉ RAMÓN REBOIRAS NOIA”. Terra e Tempo, agosto 1976 (voceiro da Unión do Pobo Galego- UPG)

Tributo de afecto e admiración

“Un home que teña fe no ideal que propaga non debe resignarse a morrer sen velo realizado, a non ser que morra na loita polo seu ideal”
Castelao

*“Ellos
al darle muerte
le otorgaron
la vida perdurable”*
José Emilio Pachecho

*“Qué palabras poden explicar a túa ausencia,
compañeiro*

...

*Qué palabras, meu capitán,
poden lembrar a túa ausencia*

...

*Cómo hai que traballar a palabra,
a nosa voz asoballada,
o noso idioma ametrallado
que ti erguiche unha e outra vez,
sin descanso nin vacilacións,
na cidade e no campo,
na aula,
na fábrica,
no mar,
no fogar,
no amor
e na loita,
unha e outra vez,
sempre,
sempre,
sempre.*

*O lume de agosto sigue
a queimar as nosas carnes torturadas”*

Moncho, compañeiro
Edicións Terra e Tempo
12 agosto 1977

*“¡Ouh capitán, meu capitán! Érguete e escoita as
campás.
Érguete, para ti flamexa a bandeira, para ti soa o
clarín”*

Walt Whitman

“RECLAMO A LIBERTADE PRÓ MEU POBO”
Xosé Luís Méndez Ferrín.

*“Nunha nena de seis anos que naceu en Basilea
e cantou pra min a Internacional en idioma galego e non
puiden rete-lo pranto e foi en mil novecentos
setenta e catro, e por ela*

*reclamo a libertade pró meu pobo”
Xosé Luís Méndez Ferrín*

Coa nova primavera,
ouh meu capitán,
virán poetas novos
a recoller
as nosas lágrimas
botadas a perder
e dispararán
versos de furia
e declarararán a guerra
aos rancios, aos vellos invernos
que renovan escravitudes vellas
que
da vella castela veñen.

Coa nova primavera
¡ouh meu capitán!
versos de furia
para destruír
as pontes vellas
e para sepultar
o noso réquiem
estéril
de almas en pena.

Quero escribir
o teu nome
en letras douradas,
irmán.

Quero escribir
moncho
un país libre
e florece o teu sangue
no fervor incansable
dos puños ergueitos
e son flores
indómitas
as indómitas
gargantas
que berran
alto e sen pausa:
patria e liberdade
e para vivir
a nosa terra liberada.

E o teu sangue
será unha espiral
de frescura
para construír
a patria,
unha badalada
para habitar
a beleza dos signos
na praza do Obradoiro,
na praza da Quintana.

O mártir que respiras,
camarada,
resiste nas raíces
e resistimos...

Os mártires non morren,
quedan encantados.

Non hai corrupción
que venza o ritmo
dos revolucionarios.

Non hai morte
¡nin liñas tachadas!

Guimarães Rosa: *“Os poetas non morren, quedan
encantados”*

Gonzalo Rojas: *“As persoas non morren, quedan
encantadas”*

*“BÓS DÍAS a vós
xentes destas casas,
bós días, bós días
e permitide
que tire o meu sombreiro*

...

*bós días a ti
meu pobo e meu país
legatario da nosa eternidade
eu desexo vivir e morrer
onde queiman os feixes de leña
no braseiro dos fornos dos casales
sobre a terra cocida das chemineas das fábricas*

...

Comprendédeme

...

*compría que un día aprendera
a ser eu*

...

*non sei nada aínda
deste país desvertebrado
deste país onde logo xa non haberá nenos para ir
ós niños nin pra latar á escola”*

Paol Kenneg

*“Cando as súas balas penetraban
no teu corpo de primavera, aturdido e inocente,
os transeúntes que debían socorrerte
tranquilamente seguiron para as súas casas,
envoltos nas súas miles de penas cativas”*

Siavash Kasrai

*AQUELES DÍAS QUE QUEDARON ATRÁS:
RESTOS DA RESISTENCIA.*

Para que non nos devore
o nome pronunciado en vano,
presto a miña voz.

Presto a voz
para soltar lastre
e para baleirar
o protocolo
das fatigas compartidas
en etapas algo difusas,
remotas
pero aínda vivas.

Si,
presto a voz
con entusiasmo
ás memorias tenues...

Presto a miña voz
para inmunizar
as radiografías,
para vacinar
as autopsias,
para superar
as historias
interesadamente falsas,
esas que enredan
con sabores pálidos...

Presto a voz
para dismantelar

os círculos viciosos
que bombardean
con excesos
e ¡porque non!
para levantar
as alfombras
que acubillan
argumentos falsos.

Preocupados apenas
pola ferruxe
das pernas noctámbulas
(correr,
con descaro
correr,
unha batalla
outra batalla,
balas,
as pelotas de goma...),
exhibiamos
impudicamente
a castidade transeúnte
na urxencia das utopías.

Tiñamos apenas boa vontade
(sempre coa mellor intención)
na defensa da causa
e algo ¡por que non dicilo!
de infantilismo revolucionario
(a revolución unha explosión,
un revolcón sen teito e sen límites),
ben dispostos
como estabamos
patria (terra) e liberdade
mentres o corpo aguante...

¡Que anos aqueles
nos que nos sorteabamos
o medo clandestino
clandestinamente...!

AO LONXE, UNHA MELODÍA

Estudiaba na vella facultade,
universidade de santiago,
cando foi adolescente
expulsado
por defender a rebelión
do seu pobo, a floración da maxia.

Detido e condenado,
hoxe acampa no fervor,
na harmonía e no perfume
do discurso, conclusa a lectura dos rituais.

Doctorado en feridas varias
é poeta importante
e un importante profesor
de enigmas e madrugadas,
aprendendo a vivir.

Místico singular,
non abandona a protesta
nin a reivindicación da patria,
aínda que sexan poucos os que o comprendan
e moitos menos os que o aplaudan.

Foi nos primeiros
setenta:
uns,
desafiantes,
alimentaban apariencias;
outros,
atrevidos,
sementaban consignas...

A memoria trae as noticias
que caen gota a gota,
franqueando as penumbras...

...esa memoria
sempre
coa tentación
da motoserra
na punta dos dedos.

¡Ai, aquela tripulación tan virtual...!

...o que se chamaba...
aquele que dicía ser o dono
de todo e de todos,
aquele dictador
tosco,
huraño,
que perseguía
todos os sonhos de todos...

¿Resentimento?

Non caben contraseñas,
non se admiten excusas
para ocultar
os sinais de alarma
nin os golpes de efecto
para as ausencias
que nos abafan.

Non hai salvoconductos
nin maquillaxe
para a intemperie
que de vagar
nos vai facendo vellos...

Reivindicar a amnesia
non é o mellor camiño
para saír indemne
dos aderezos,
da folla do coitelo,
das bolsas de lixo

e da antoloxía de fracasos
á venda nos supermercados
do noso barrio de néboas.

*“¿Adónde irás tirano, adónde iras?
Tus manos ensangrentadas ¿dónde las esconderás?*

...

*no sé si el Dios que tanto invocas
te podría cobijar de la furia de los hombres
cansados de soportar la injusticia, la impotencia...”*

Rafael Amor

Golpeaban as portas,
saqueaban os soños,
secuestraban o amor...

Falsificaban
os manuscritos
para sepultar
os escándalos,
para disimular
as ofensas á decoración
(¡o protector de occidente....!)

O dictador morto
en cama comfortable
¿como explicalo...?

O tempo pasa
pero a historia queda
e pode ser escudriñada,
incluso con lupa,
se non nos atragoamos
con croias
de sentimentalismo
barato...

¿Escoitas
aos labregos,
escoitas amor
as montañas
que baixan
cantando en coro...?

¿Escoitas
aos olivos,
ás vides,
ás laranxeiras,
escoitas a quiroga?

¡Alto!
(O r-5 de carlos varela)

¿A donde se dirigen?
(verde oliva, metralleta)

O Manuel,
tan afable
coma sempre,
cara a Rúa,
o Manuel,
tan paternal...

¿Y usted?
(ti, o menos,
¿por que?)

¡Baje!
¡Camine... brazos en alto!
(camiñar ou reventar,
nas costas a metralleta,
a explanada, o sil...)

“Mentras os labregos nos manifestabamos en Quiroga contra a Celulosa, a Garda Civil interviña cortando as carreteras pra impedir que baixaran os veciños do Caurel a reforzar a Manifestación”. - FOUCE, maio 1976 (voceiro das Comisi3ns Labregas).

A min
que nunca xoguei de titular,
a min,
un suplente vulgar,
militante de base...
¡extraña decisión!

¿Que utilidade
ou interese
salvo atacar
por atacar ou a distancia?

¿Que proveito?

Como recompensa
e para contentalos
prometín a reinserción...
na codia do pan
que nos negaban.

E foi a tarde,
amor,
un boca a boca,
un partido de fútbol
berrando nas rúas.

E foi non á celulosa,
a ese veneno, a terra é nosa.

E foi o fermento
contra a peste,
e foi
a rebelión
da xente nosa.

“OS LABREGOS DE QUIROGA XA FALAMOS DECINDO NON A CELULOSA porque... vai contra dos intereses do pobo, ista celulosa soio lle interesa aos caciques e a uns cantos capitalistas de fora de Galicia, donos dos monopolios das papeleiras porque son eles quenes levan os beneficios entramentras a nós deixannos a miseria”.- FOUCE.-

Océano
en permanente vela
"non ó roubo das praias".

Alianza concertada,
sempre viva,
a protesta:
*"A praia para quen a traballa
e non pra quen a escaralla"*

Prestos ó ataque,
o frío que tronza,
carlos que grava,
os mandados
descargan,
diarrea de párpados
a gran velocidade,
zapatos coléricos,
figados rotos,
baldaio a praia.

"... o estancamento das augas pode provocar focos infecciosos, perigo real que xa aconteceu nos anos 52 e 58 (...) obrigar á Empresa Baldaio S.L. a abrir as comportas e ó libre marisqueo dos veciños na marisma que é NOSA". FOUCE , outubro 1977.

Desconfiado
do contrabando,
o cantábrico
atento,
guerreiro,
olfateando...

E non houbo
domingos nucleares.

E fíxose o día.

E foi a pipa da paz.
Xove nuclear,
non gracias.

“O intento de construír en Xove unha central nuclear obedece unicamente ós intereses dos monopolios españoles da electricidade (Fenosa, E. Viesgo, H. Cantábrico)” CEIBE, maio 1979 (Boletín da AN-PG).

AS ENCROBAS,
a loita continua
que continúa.

Nin os culatazos,
nin as detencións,
nin os trallazos,
a terra é nosa
e non de Fenosa.

Nin que mallen nos nenos,
nin que mallen nos patrucios,
a nosa historia,
os nosos príncipes,
a terra é nosa
e non de Fenosa.

Non aforraron paos
nin coitelos afiados,
os animais.

“A punto de pecharse a redacción deste Boletín, a loita que durante o derradeiro ano viñeron mantendo os labregos das Encrobas na defensa das súas terras chegou á fase máis importante na semán do 14 ao 20 de Febreiro. As forzas da Garda Civil -unha vez máis ao servizo dos intereses colonizados das empresas capitalistas- colaboraron con “LIGNITOS DE MEIRAMA, S.A.”, filial de Fenosa, na espoliación do noso pobo”. CEIBE, marzo de 1977.

Ti non naceras,
galicia
loitando
por ser galicia...

Na vitrina da memoria
trofeos e derrotas.

Historias que rondan,
algunhas obscenas,
comestibles outras,
todas
un alivio
para a fame de nostalgias
que circula
en sentido contrario...

...unha forma
de habitar
a pulcritude.

¡Non sempre é doado distinguir...!

Comparto
un par de partes
da película contigo
-no cine os soñadores
de bernardo bertolucci-,
as manifestación do 68,
glorioso e florido maio
e a desinhibición sexual...

Comparto en parte
(ti aínda non eras)
os 25 de xullo,
santiago a patria,
o medo,
as porras
da vinganza,
as pelotas
en nómina
para bater
a discrepancia,
para xugular
a liberdade
que nos encandilaba...

Comparto a Quintana,
o Obradoiro,
a caligrafía
en alba de gloria:
Castelao, Rosalía...

Cortexando os ribeiros
nas vilas e nas cidades,
sibaritas das penas,
mecendo compromisos:
coñeza galiza
coa anpegá...
en caravana.

Cientes habituais
das manifestacións e demais...

...aquelas tabernas, tan humanas.

II

¿QUEN SON, QUEN SEREI?

1.- *A música na distancia*

2.- *Un futuro que se alza*

*“COMA UNHA MÚSICA NOCTURNA PERDIDA NA
DISTANCIA”*

Kavafis

A trinta anos na historia
dicen os de biografías estancas
que estabamos tolos de atar,
seducidos por ideas sintéticas...

A trinta anos,
de volta de moitas cousas,
é o tempo de perdonarnos
antes de que cante o galo
e de gozar da fe de erratas,
antes de que se apaguen
as últimas luces...

¿Como definir o presente...?

... talvez
unha paréntese
para hospedar
as confidencias
do pasado
e as incógnitas
do futuro
nunha lección
de sentido común.

Hai un eco de pálpitos
nos ocos oxidados,
estancias da distancia
que regresa.

Golpean,
nos territorios da luz,
enigmas da resistencia.

Aínda doen as lanternas
e o mutismo dos espellos.

O reloxo sentencia
a falta de ánimo
na intermitencia
dos fetiches.

A estas alturas
de alopecias,
a interferencia
dalgúns
comentarios
espesos
precipita
o estertor
do desencanto.

Furgamos nas cicatrices
para manter a memoria...

Desciframos
as moedas vellas,
non necesariamente falsas
coma o alcol barato
daquelas fráxiles
tabernas de artistas
da palabra.

Os debates ortodoxos,
modulados
por escenas de cama,
dosificando os fastos.

¡Ai, a mesta,
a hilarante
e fatigosa loa
das múltiples
e variadas revolucións pendentes
que creaban adicción...!

...¡vestixios
dos laverco
setenta e poucos
que turran
do orgullo exhibido
recitando sutilezas...!

Algúns dos que quedan,
polos seus xestos
de alerxia intensa
(balazos por olladas),
non entenden nada
(vendas como terapia).

A nosa
precaria
postura,
o adeus
tamén
debería
ter un sitio
na historia,
na tenda de antigüidades.

Non afirmo nin nego,
tampouco renego
da aclimatación
na declinación,
adelgazando
a ideoloxía,
afinando o bolsillo
e a desobediencia
aos antigos esquemas.

¿Que daquel actor tan serio,
poboado de trascendencias
algo extremas...?

Heterodoxia,
auga potable
para o francotirador
en caída libre
e para a descomposición
das obsesións remotas...

¿Non pechar os oídos
e tender pontes para o retorno...?

...resoan
na roupa interior
e no alcanfor
dos vellos armarios...

... perduran
no mapa
as imaxes borrosas...

...escriben
catálogos
repletos
de silencios...

...tallan
recendos
do cansazo...

... arrecian
os restos da soidade
que levamos dentro...

... as derrotas difusas,
á luz das velas medio apagadas
polos anos que pasan...

¿A REBELDÍA...?

XUSTIFICADA.

¿A DERROTA...?

DALGÚN XEITO,

PREVISTA.

¿CORRIXIR AS BIOGRAFÍAS...?

UN ALTO PREZO.

LIMÍTOME A RESPIRAR

O VEREDICTO DOS PASAMONTAÑAS.

Só os versos
poden salvarnos
dos trucos,
do rapto
e dos pasaportes ó abismo.

Alarma
a
paciencia
sincopada
da
sublevación
moribunda,
abandonada
nas
penumbras
que
improvisamos.

Alarman
as hipóteses
opacas,
sen
porto
no que amarrar.

...captar o papel
do azar,
tirar proveito
da liturxia,
sucumbir ó encanto
das enrugas de moqueta...

Temos o privilexio,
procaces que fomos,
de encalmar
o gato escaldado
para cribar os espellos
das rutas acomodadas.

Temos a sorte
das incógnitas
despexadas.

Tamén
¡por que non confesalo!
desafina o empeño
no autoaplauso
e no autoeloxio
a todo o excéntrico
que un día fomos.

Subxugados como estamos
pola beleza dos himnos
e pola emoción dos diváns
¿quen nos redimirá...?
¿o sarcasmo...?

Camuflarse nos fragmentos
nunca foi un bo negocio...

A pureza que carretamos
non terma
do bafo das cóxegas
nin baleira as mochilas
repletas de moralismos.

Visitaremos,
-os fillos da noite de pedra-
estampas crebadizas,
sen rencores
embostando
as roupaxes,
aproveitando
o anticiclón
democrático
que despraza
as borrascas
da dictadura
que aínda perduran.

Estamos a tempo de recordar,
antes de que a temperatura
desluza para sempre
os catro puntos cardinais.

“OS DÍA DO FUTURO ÁLZANSE ANTE NÓS”

Kavafis

Despois de tanto tempo
é hora
de sacar conclusións
sen deterse no engano
que frecuente, suicida,
o noso camiño diario
de actores
transhumantes...

...ese tortuoso residente
que se ofrece
como a aposta segura
das ostras e do champán,
do sol e da praia...

Neste mundo
das verdades
globalizadas
agardo
que se perdoen
os lapsus
xeneracionais.

Eu tamén son vítima
das copias inexactas
e da crueldade do fotógrafo.

¿Quen corrixe as imaxes?
¿E os sedimentos...?
¿Existe acaso escapatoria?

Con licencia:
pido a comprensión
para os que escribimos
buscando curar
as contas non saldadas,
sen facer concesións
para a galería,
coa única pretensión
de sentirnos vivos,
sen matices
sobre os méritos
dos métodos empregados.

En realidade
os grises titanes
nunca souberan
paladear
as preguntas
que colgaban
das miradas,
deterioradas
por non contestadas.

¿E despois?

Despois a parálise
en propiedade singular...
a excursión
a inmensa soedade,
sorber na copa da rabia.

Revolucionario
(na primeira etapa).

Na segunda o salto,
a transformación
de contidos e de formas.

¿Avanzar ou retroceder?
Polémico dilema,
delicada cuestión.

Finalmente
elixe por trunfo final
os suaves susurros
da noiva financeira...

¡Aquel
romántico
que arrasaba
dos escaparates
as mínimas incongruencias...!

Amaba
a beleza
branca e azul
e as metáforas.

Bebía da fonte
as premisas
robustas
(consistentes coma o teixo).

Coñeceu a tortura,
o peso da militancia,
a intolerancia e o apartheid...

Entrou en crise,
a
profunda
crise
das
moquetas.

Desembocou
con donaire
no altar
das coartadas...

Suplantou o talento
e paso a paso
a decadencia
moral,
mofándose,

aseñoreouse
da
súa
maquillada
conciencia...
...etcétera.

Vexo outro tempo
(atrabilario)
a xogar co destino...

... sempre chega a hora
das rebaixas
(a oportunidade
dos extintores)
tamén
o edén das ruletas
para marcar
o rumbo incerto
da roda da fortuna...
prisioneiro de min mesmo
como estou e con pouco criterio.

Celebro
¡como non!
a confianza na infancia
que aínda respiro,
aquele amor polas quimeras
e polas barricadas compartidas.

Esta tarde
de vento norte
e ceo chumbo
proxéctase
na miña alma
o desencanto
das antigas certezaas.

O termómetro
acusa a febre,
o pulso acelerado.

¿Con que abrigarme
dos matices que excitan...?

Cae a tarde,
zozobran os rostros,
as farolas da rúa
saúdan o olvido
e as urxencias
claman nas ruínas.

Se a mesa está triste
¿para que cear
unha postal postiza...?

Un berro amargo
de anacoreta, un disparo
altivo, probablemente
o epílogo
dun suicidio imposibel.

Remexendo na colleita
non é preciso inventala,
a rebeldía ...

A pesar das derrotas,
os nosos parlamentos
de loitadores
decanos
custodian
sen falsos pudores
as concesións
que varren para a casa.

Ata caer exhaustos
conciliar as alquimias,
ata que amenza.

As máscaras
non poden
seguir administrando
a solvencia das arterias
e as falsas humildades.

A coherencia circula
en ambulancias brancas,
a libro aberto,
oprimindo no peito.

Depende da perspectiva
a solidez da fotografía
e a das confusións.

As fundas do retrovisor
limitan
o impacto dos traxectos
e a impotencia
non deixa escapatoria.

Algúns resortes
ensucian
a potabilidade do sorriso.

A inmunidade
esboza un xesto
inofensivo e non dice nada.

A saudade,
naturalmente,
tamén é importante...

Curtido
na levidade
das victorias
e na trivialidade
dos bochornos,
convalescente
das fragancias
e
dos idilios,
guerrilleiro
ignífugo...
...cobizoso
dos esponsais
da incandescencia
e das fluorescencias,
na trincheira
¿como amortizar
as exquisiteces das fogueiras?
O armisticio
da pira funeraria
¿botín para verdugos?
En todo caso,
estimular
a parodia das pupilas
dos que se despeinan
para arrepentirse
non estaría mal,
pero que nada mal.

Non ao discurso dos somníferos.

Un corte de mangas
á felicidade por encargo,
ás promocións
gratis total
para a dor de moas,
á melancolía dos vídeos
de alto standing
con sabor a microondas,
ás subvencións
para as vivencias
do ocaso
os coleccionistas de saúdos...

Brazos abertos
a un bo estado de ánimo
para ser leal a un mesmo
na posta de sol
e
para archivar
o dispendio da ira,
antes de rebentar...

Sempre hai razóns
para non avergonzarnos
e para recuperar
aquele combate,
o rumor embalsamado
daqueles debates,
as palabras inflamadas...

Con todo o que chove,
filtrando os beneficios,
sempre hai razóns
para abrir os ollos
e para bicar a
voz das madrugadas .

Facendo balance,
sempre hai razóns
para que regresen
as andoriñas
e para que o faro
ilumine a pebida
dos días grises
dos que escapamos.

Porque podemos
mirarnos á cara,
sen remordementos,
sen mala conciencia
por seguir vivindo.

Os argumentos enmarañados
desperdician os espectadores
que buscan pasar a páxina
dos chalecos antibalas
e da grima.

Para durmir tranquilo
trémulo investigo
as tentacións invictas,
os pós da trama,
o efecto dominó
e as metamorfoses
nos vellos amigos
emboscados
na discreción
que impera...

A barbarie na pasarela,
arquitectura de punto final.

Unha moratoria
para os rótulos que acoran.

Para os remorsos
dos vellos amigos
como salvavidas
un capítulo aparte.

Pretendo
presentar un produto claro,
lexible tamén
para os duros de oído.

¿Cerrar as páxinas do libro...?

Solución extrema
que se presume eficaz.
Porén,
a tortura da autocensura
sempre foi vertixe
nas desharmonías...

A beneficio de inventario
e pasado o tempo,
esa debería ser a lectura.

BRINDE FINAL:
a saúde tamén é importante
e por iso cómpre que cada quen
interprete o seu propio papel.

Na outra banda do vestíbulo
permanece o martelar dos nomes,
os homes
en tropel
que se manifestan
contra as mordazas,
contra a pestilencia
do aire que respiran,
contra o exterminio
e contra as picaduras
das tarántulas
que nos esterilizan...

Xove,
Baldaio,
Quiroga
respiran...
¡respiramos!

Amanuense:
é o tempo dos pétalos brancos.

contan que ¡por fin! a paz emborrachou as armas e que inundou de luz os vellos corazóns oxidados... haivos tanto tanto tempo que non se escoitaban estas noticias... aqueles parvos corazóns titilantes, o estupor como decorado, os fillos dos penedos esmagados sen descanso pola metralla e polas mentiras, o fume dos fornos crematorios, as chagas da fame nas fotografías que ollan mansamente dende os periódicos camiño do matadoiro... os que nada esperan da paciencia para borrar as derrotas diarias das súas almas sen pasaporte, as casas derrubadas, o exército invasor e a infamia das gadoupas que non se retiran dos escombros, o círculo infernal do medo (nos dous bandos)...

¿UNHA TORRE DE BABEL?

PAUL CELAN (fillo de pais xudeos, vítimas do holocausto nazi, a súa morte deixou na desolación aos seus amigos, moitos en Israel)

Fuga da morte

Negro leite do abrente...

*que escribe ao escurecer a Alemania o teu cabelo de ouro Margarete
escribeo e sae da casa e brillan as estrelas asubía aos seus cans
asubía aos seus xudeus fai cavar unha fosa na terra
ordénanos tocade a danzar...*

MAHMUD DARWICH (palestino “se nos vencen tamén na poesía, é a fin”, xunto coa súa familia tivo que abandonar o seu país, refuxiándose no Líbano. No 1982 tivo que saír de Beirut, durante a ocupación por Israel)

Crónicas da dor palestina

*Xa hai vinte anos, miña irmá,
que non escribimos*

poemas senón que combatemos

...

*Eu medrei nas feridas
e non lle preguntei á miña nai
como é que muda pola noite de campo
de refuxiados.*

...

*A miña lingua é o murmurio da auga
no río das treboadas
é o calidoscopio de sol e de trigo
no campo de batalla*

¿REALIDADE...?

¿FICCIÓN...?

¿DESEXO...?

Confeso que confío
na paz
do templo doméstico
para calcinar as pantasma.

¿Reinventar os envoltorios
cando o tempo non se detén nas fronteiras...?

Tamén confeso que olfateo no saldo final
a sintonía
e a seráfica morosidade do tedio diario...

(... amosa a túa bondade
lector,
sexamos xuíces benignos
con este autor
que cultiva gardenias
na punta da lingua).

Entendo
que non hai posibilidade de elección:
o barullo
hai que resolvelo entre todos
(cunha boa dose de calma),
entre todos
abrir ventanas de levadura
a un futuro de novas rebeldías.